

**Follas do Cineclub | 12/10/2016****Dúas solucións para un problema**

هلئیسیم کی یارب لرح وارود [Dow Rahehal Baraye yek Massaleh],  
Abbas Kiarostami, Irán, 1975, 4', VOSG)

**O viaxeiro**

(موسافیر) [Mosâfer], Abbas Kiarostami, Irán, 1974, 71', VOSG)

02

**Bouquet, Stéphane: Deux solutions pour un problème. Abbas Kiarostami: Textes, entretiens, filmographie complète. [Paris]: Cahiers du Cinéma, 2008, p. 182-183.**

Alén da lección de moral ilustrada e perfectamente pedagóxica, alén mesmo da aparición dun obxecto que volveremos ver circular nos filmes de Kiarostami (o caderno escolar, alicerce común do saber e da amizade, posto que un non vai nunca separado do outro no universo de A.K.), esta curtametraxe serve para un momento, fuxidío mais tamén intenso, de posta en escena. Os dous rapaces enfróntanse. Primeiro tómana cos bens do adversario (un maletín, unha regra, un abrigo) para logo chegaren ás mans. Manteñen unha impasibilidade absoluta. Ao ser tan pouco exuberante, tan totalmente muda, a violencia refórzase terriblemente. Mais non está sempre e unicamente onde a pensamos. Ao filmar en planos fixos, o cineasta multiplica os cambios de eixo brutais, as variacións nas escalas do plano, os cadros inesperados, até o punto de que a violencia xorda semella contaminar mesmo a posta en escena, até o punto de que a brutalidade parece non estar só do lado dos nenos senón cando menos do mesmo xeito do lado daqueles que os están a mirar. Agora ben, que simboliza o ollo da cámara senón os representantes da institución escolar e da moral pública? De aí a dicir que Kiarostami filma tamén, e como se nada, as verdadeiras relacións de poder na práctica no eido escolar, non hai máis que un paso, un paso que os seus filmes seguintes nos autorizan a dar.

**Elena, Alberto: Abbas Kiarostami. Madrid: Cátedra, 2002, p. 32-38.**

A *experiencia* constitúe un novo elo nesa cadea de “simples acontecementos” que parecen definir a obra de Kiarostami nos anos 70. O *viaxeiro*, primeira longametraxe do cineasta, rodada apenas un ano despois, non renega desta propensión e garda polo demais unha coherencia rigorosa cos *topoi* kiarostamianos despregados até o momento. Kiarostami adopta neste caso como punto de partida o relato escrito por un amigo, Hassan Rafii, e despraza o seu equipo á cidade de Malayer, na provincia de Hamadan, para rodaren a peripecia doutro neno, Ghassem, decidido a materializar a toda costa

o seu soño obsesivo. Apaixonado polo fútbol, como o protagonista de *A hora do recreo*, Ghassem antepón esta afección a calquera outra cousa, incluíndo por suposto as obrigas escolares e mesmo familiares. Cando a selección nacional se dispón a disputar un importante partido en Teherán, Ghassem decide non perdelo por ningún motivo. Para isto, terá que mentir e enganar tanto aos seus compañeiros como á súa propia nai, mesmo roubar un pouco de diñeiro para poder viaxar á capital e mercar o billete, escapar da casa no medio da noite para tomar un autobús que o conduza cara á realización dos seus soños. De novo, a lei do desexo, o impulso cego, imponse brutalmente sobre as esixencias da orde e a disciplina. Aínda que a certeza do castigo sexa realmente a súa única bagaxe á hora de emprender a aventura...

A conciencia da transgresión é tan forte que Ghassem vai rematar por anticipar nun violento pesadelo o castigo que o espera de volta na escola. Mais, con todo, a transgresión prodúcese e Ghassem –a diferenza do seu amigo Akbar, afeccionado tamén ao fútbol– inténase na espiral de mentiras e actos reprobábeis que haberá de o conducir a Teherán para ver o partido. Frédéric Richard quixo ver en Akbar, testemuña admirada da *fazaña* de Ghassem, mais incapaz de crebar as regras da comunidade para satisfacer as súas propias aspiracións, o dobre do cineasta. Porén, esta lectura parece forzada e, na práctica, desautorizada pola propia lóxica do filme. Kiarostami, que se recoñeceu particularmente interesado polos fenómenos de transgresión como ritos de paso na construción da identidade e non nega a súa simpatía por quen acepta correr estes riscos, convidanos abertamente a identificarnos con Ghassem. Con efecto, subliña Godfrey Cheshire, “o máis sorprendente do filme é como descubre os nosos desexos a través dos seus plans: canto peor se comporta o neno, máis se identifica o espectador coa súa procura dun graal tan pouco santo”.

O *viaxeiro* constitúe así, do mesmo xeito que acontecera nos traballos anteriores de Kiarostami, unha experiencia de maduración para o seu protagonista, unha viaxe iniciática na que –unha vez superados todos os obstáculos– o pesadelo emerxe como proba definitiva para o pequeno Ghassem. Xa no interior do estadio, relaxado á espera do comezo do partido, o rapaz –canso logo da noite de viaxe no autobús, tamén sen dúbida imitando outros espectadores– bota unha soneca deitado na herba e o seu inconsciente anticipa o castigo que lle espera á volta na vila. A fatiga é tan grande que, nun final de crueldade extrema, Ghassem apenas esperta da sesta unha vez que o partido rematou: o estadio ficou baleiro e só os empregados da limpeza vagan xa a esa hora polo interior. A aventura fracasou, o seu obxectivo non se cumpriu, mais sen dúbida o rapaz aprendeu moitas cousas ao longo dela, e non necesariamente o arrepentimento. Non sabemos que vai contar Ghassem aos seus amigos e compañeiros, mais ben poderíamos apostar que lles vai relatar o partido como se o vira, como un auténtico triunfador que non pode decepcionar os seus admiradores. A mentira –esa cámara fotográfica sen carrete coa que finxía retratalos– foi a única arma ao seu alcance para poder materializar os seus desexos e a mentira vai ser tamén a que traia finalmente a recompensa lóxica ao seu esforzo.

# DÚAS SOLUCIÓNS PARA UN PROBLEMA / O VIAXEIRO

STÉPHANE BOUQUET / ALBERTO ELENA

En realidade, a maior aventura de Ghassem non consistiu tanto en escapar a Teherán para ver un partido de fútbol como en franquear unha barreira case inaccesíbel: “para conseguir o seu obxectivo, e posto que aos nenos non lles está permitido faceren cousas de adultos, tivo que se converter en adulto (...) Mais o único xeito de se introducir no mundo dos maiores é falar de diñeiro, xa que cando Ghassem tenta calquera outra aproximación é simplemente ignorado polos adultos”. O diñeiro, efectivamente, é a clave á que apela Ghassem –membro dunha familia moi modesta– na súa viaxe particular ao outro lado do espello, ao mundo dos maiores. Kiarostami sinala sen ambaxes: “a idea do diñeiro é a que move todo o filme”. Esta circunstancia autorizaría dalgún xeito a lectura sociopolítica que fai de *O viaxeiro* Hormuz Kéy, virtualmente ausente en todas as análises sobre o filme: “Cómpre volver situar a fita no seu contexto histórico, posto que a acción acontece nunha cidade pobre en 1973, nun dos períodos máis duros do reinado do xa (...) O filme denuncia o sistema de educación nacional, que é presentado como un obstáculo aos soños do neno, ao seu dereito á liberdade. O castigo severo que recibe Ghassem traduce unha realidade dolorosa de Irán, onde nenos e adolescentes en escolas e colexios son obxecto de malos tratos corporais e psicolóxicos”. Á súa escala pequena e modesta, Ghassem sería un auténtico rebelde, alguén que non se acomoda ao universo sufocante que o rodea e que non acepta a derrota. Por iso, segue Kéy, a secuencia final no Estadio Amyadieh, o escenario privilexiado das celebracións fastosas do culto á personalidade do xa, adquire unha particular importancia como alegoría política ao tempo que serve de cadro concreto para selar o fracaso do rapaz.

Sexa como for, e sen derivar cara a interpretacións necesariamente controvertidas (que, polo demais, o propio Kiarostami optou por rexeitar sistematicamente), *O viaxeiro* tampouco pode reducirse –como queren algúns autores– a un simple exercicio neorrealista tinxido dunha pátina humanista. Preguntado, pouco despois da presentación do filme, polas razóns de o ter rodado en branco e negro, o cineasta apelaba basicamente a limitacións orzamentarias, mais engadía: “a pesar disto creo que o branco e negro expresa mellor que a cor a situación de pobreza e mediocridade que pretendo expresar no filme”. Sen dúbida unha produción de baixo presuposto no momento no que o Centro para o Desenvolvemento Intelectual de Nenos e Adolescentes [Kanun] iniciaba timidamente a súa singradura no terreo da longametraxe, *O viaxeiro* presentaba porén a novidade de ser o primeiro filme iraniano rodado con son directo. Rodado integramente con actores non profesionais, todos eles habitantes da cidade de Malayer, o filme evidencia xa o talento de Kiarostami nesta faceta da realización cinematográfica e obtén, en particular, unha interpretación memorábel do

pequeno Hassan Darabi. Como en *A experiencia*, mais con maior finura e precisión, Kiarostami continúa a investigar as posibilidades do plano secuencia e saca un sabio partido dos tempos mortos: a espera nocturna antes da fuga e o deambular de Ghassem nos arredores do estadio son, de feito, dúas das secuencias máis fermosas do filme.

Aínda hoxe considerada por diversos autores como unha das grandes obras de Kiarostami, o propio cineasta sente por ela unha especial predilección. Gran Premio no Festival de Cinema Infantil de Teherán, *O viaxeiro* tivo unha circulación limitada en certames especializados –incluíndo o Festival de Cinema Infantil de Xixón en 1975, onde pasou completamente inadvertida–, mais non chegou para proxectar o seu autor fóra do estreito círculo do Kanun e a súa moi concreta esfera de influencia. Dado que daquela as producións do Centro aínda non se estreaban comercialmente e só se exhibían en institucións educativas e culturais, non é estraño que poucos repararan –mesmo en Irán– no prometedor debut de Kiarostami. Un deles foi o crítico Yamshid Akrami, quen a raíz da presentación do filme non dubidou en eloxiar, case en solitario, *O viaxeiro*, advertindo: “É probábel que non se deran vostedes de conta aínda de que este popular e modesto Kiarostami é unha das personalidades máis importantes do noso novo cinema”.

## CINECLUBE DE COMPOSTELA

OUT  
2016

### ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)  
 ① cineclubedecompostela.blogaliza.org  
 facebook.com/cineclubedecompostela  
 @cineclubedecompostela@gmail.com

### PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)  
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

### 12 DE OUTUBRO

#### *Dúas solucións para un problema*

دو راهل برای یک مسأله [Dow Rahehal Baraye yek Massaleh], Abbas Kiarostami, Irán, 1975, 4', VOSG)

#### *O viaxeiro*

مسافر [Mosāfer], Abbas Kiarostami, Irán, 1974, 71', VOSG)

### 19 DE OUTUBRO

#### *Alyonka*

Алёнка [Alyonka], Boris Barnet, URSS, 1961, 86', VOSG)

### 26 DE OUTUBRO

#### *O nadador*

(El nadador, Fermín Jiménez Landa, Estado Español, 2013, 9', VO)

#### *O nadador*

(The Swimmer, Frank Perry, EUA, 1968, 95', VOSG)